# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15021482 | IES San Clemente | Santiago de Compostela | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial | 1º Bac. | 4 | 140 |

| Réxime |
|---|
| Réxime de adultos |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 5 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 19 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 21 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 21 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 22 |
| 7.2. Actividades complementarias | 23 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 23 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 24 |
| 9. Outros apartados | 25 |

## 1. Introdución

A materia de modalidade Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial está exposta para o bacharelato xeral, e trata de achegar os conceptos económicos e empresariais necesarios para que o alumnado teña un soporte teórico que lle permita realizar análises críticas e fundamentadas a partir do estudo de casos sobre a realidade económica actual, valorar os efectos que provoca nos distintos ámbitos da vida e aproveitar estas aprendizaxes para xerar unha actitude proactiva e comprometida coa sociedade e de procura dun maior benestar tanto colectivo como individual.

A materia está organizada arredor duns obxectivos que propoñen que o alumnado analice de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas; que estude, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento das persoas e institucións respecto da toma de decisións económicas, partindo do problema da escaseza e os seus efectos; que se sensibilice e comprometa coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible; que identifique e valore as habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras para facelas súas na medida en que así o necesite; que coñeza e comprenda as distintas estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio e que analice as transformacións socioeconómicas que son producidas e producen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.

Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado.

Os criterios de avaliación e contidos organízanse en tres bloques, facendo coincidir os seus títulos coa denominación da materia:
1º. O bloque "Economía" vincúlase a aspectos puramente económicos e comprende, dúas partes, a primeira recolle problema da escaseza e o tratamento do problema económico e a segunda aborda cuestións relacionadas coa economía e as súas conexións con outras disciplinas, permitindo realizar unha análise da realidade desde una perspectiva máis ampla e integradora.
2º. O bloque "Emprendemento" lígase ao propio emprendemento e ao coñecemento das persoas emprendedoras, trata de presentarlle ao alumnado aquelas habilidades e competencias que son características das persoas con iniciativa e sentido emprendedor vendo nelas referentes reais que o inspiren no seu camiño cara ao futuro. De igual modo, tamén busca dar unha visión obxectiva e realista das dificultades que poden atopar no devandito camiño.

3º. O bloque "Actividade empresarial" céntrase na actividade empresarial e pretende analizar as estratexias que levan cabo as empresas, así como os novos modelos de negocio tendo sempre presente as novidades que existen neste campo como consecuencia da revolución tecnolóxica e dixital.
Calquera persoa necesita comprender o mundo no que vive e reflexionar de maneira crítica sobre a información que recibe da contorna para comprender a organización económica e social dos grupos humanos nos que se integra. Desta maneira, poderá converterse en parte activa e construtiva da sociedade e contribuír a atopar solucións aos problemas que poidan xurdir nela. A realidade socioeconómica ten moitas vertentes, de aí a importancia de conectar o coñecemento que se xera desde diversas disciplinas e desde o ámbito da economía e do estudo das empresas, co que sucede na realidade, para atopar respostas, tomar decisións e actuar con formación, información e responsabilidade.
O IES San Clemente está situado na zona monumental de Santiago de Compostela, próximo á alameda e á catedral, na rúa que leva o seu mesmo nome. O contexto sociocultural é urbano, ademais de caracterizarse especialmente por considerarse cidade de peregrinación, de congresos e de encontro de culturas, designada patrimonio da humanidade pola UNESCO.
O CENTRO. NORMATIVA LEGAL
A historia deste IES remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá lle doou uns terreos situados no campo de San Clemente ao concello coa finalidade de que, neles, se construíse un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación, dirixidas polo prelado galego D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades non comezaron ata o ano 1953, data coincidente co momento en que o Papa Pío XII designa Cardeal ao mencionado D. Fernando Quiroga Palacios. Nun primeiro momento, foi sede da antiga Escola de Traballo, que pasou a constituírse como Escola de Mestría Industrial e a continuación Centro de Formación Profesional de II Grao. Non foi ata a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, adquiriu a denominación de instituto de educación secundaria (IES) e, xa no

século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

O desenvolvemento da programación ten en conta a LOMLOE, última das normativas vixentes no ámbito educativo. Foi aprobada o 29 de decembro de 2020 baixo a denominación de Lei orgánica 3/2020, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e afecta a todos os niveis do ensino non universitario, así como ao acceso e admisión á universidade. Esta lei derogou a LOMCE, a lei educativa de 2013, e introduciu importantes modificacións na LOE, unha lei vixente dende 2006.

Ensino a persoas adultas

A ensinanza básica para persoas adultas está regulada na nosa comunidade desde a orde do 26 de maio de 1997 (DOG 15 de xullo de 1997); os documentos básicos do proceso de avaliación reguláronse na Orde de 15 de abril de 1998 (DOG 4 de xuño de 1998).

A Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos da Comunidade Autónoma de Galicia, define no seu artigo primeiro a educación e promoción de adultos como un conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientado a lles proporcionar a todos os residentes no territorio da comunidade Autónoma Galega que superaron a idade de escolaridade obrigatoria o acceso, de forma gratuíta e permanente, á súa formación persoal, así como a ámbitos de formación ligados a niveis educativos superiores. No seu artigo 16 establece que a educación e promoción de adultos adoptará as seguintes modalidades: presencial, semipresencial e a distancia.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral de ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que as ensinanzas para as persoas adultas deberán desenvolverse desde a formación inicial ata o acceso á universidade e terán como finalidade a adquisición dunha formación básica que facilite a transición da persoa adulta á vida activa, a promoción laboral, así como a súa orientación e preparación para o acceso aos estudos superiores. No seu artigo 6, ademais, establece que, a través da modalidade a distancia, poderán ofertarse as ensinanzas dos niveis educativos e profesionais que se determinen das recollidas nese decreto e que non requiran a presenza directa do alumnado.

Por Orde do 14 de abril de 1999 (DOG do 29 de abril), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou as ensinanzas de bacharelato para as persoas adultas, e adaptou para este alumnado o establecido no decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde foi modificada despois pola orde do 17 de xuño de 1999, e máis tarde pola orde de 5 de xullo de 2006. Como consecuencia da modificación introducida polo Real Decreto 3474/2000, do 29 de decembro, o Decreto 275/1994, antes mencionado, foi modificado polo Decreto 231/2002, do 6 de xuño (DOG do 15 de xullo, corrección de erros no DOG do 5 de novembro).

Por orde do 8 de maio de 2002 (DOG do 4 de xuño), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulou a autorización das ensinanzas de educación para persoas adultas, nos réximes presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos (EPA) e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A orde máis recente pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos na nosa comunidade é a de 5 de xullo de 2006, publicada o 26 de xullo de 2006 (DOG 143).

Ensino de adultos e a distancia

En 1982 (Decreto 120/1982 de 5 de outubro), logo da transferencia de competencias en materia de educación á Comunidade Autónoma de Galicia, o antigo Instituto Nacional de Bacharelato a Distancia (INBAD), creado en 1975 e dependente do CIDEAD (Centro para la Innovación y Desarrollo de la Educación a Distancia), pasa a consolidarse como Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (Ingabad). Coa implantación da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), a Xunta de Galicia decidiu non incluír este sistema de docencia a distancia no programa de implantación da lei, de modo que o Ingabad acabou por se extinguir en 2002. A modalidade a distancia que se orixinou a partir deste momento de maneira xeneralizada en toda Galicia, e que deu resposta ás esixencias da normativa da LOXSE tanto para a ESO como para o BAC, centralizouse en Santiago de Compostela a través do IES San Clemente por Orde do 23 de agosto de 2001 (DOG do 13 de setembro).

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, dedica os seus artigos 66 a 70 á educación das persoas adultas. No seu artigo 67.2º prevé que as ensinanzas para as persoas adultas poderán desenvolverse a través da modalidade de educación a distancia. Igualmente, no punto 7 dese mesmo artigo, establece que as ensinanzas para persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses. No artigo 69, dedicado ás ensinanzas postobrigatorias para persoas adultas, establece que as administracións educativas promoverán medidas tendentes a ofrecer a todas as persoas a oportunidade de acceder ás ensinanzas de bacharelato e que adoptarán as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan dunha oferta específica de estudos organizada de acordo coas súas características.

Finalmente, a orde do 26 de abril de 2007 (DOG 88, martes 8.05.07), ordena e regula as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as sucesivas ordes a ter en conta.

De acordo coa Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015), presentamos a programación didáctica de Economía da empresa.

Non obstante, a finalidade da educación de adultos debe transcender do simple carácter compensatorio ou de segunda oportunidade buscando unha visión moito máis ampla que persiga o desenvolvemento dos individuos e dos grupos sociais baseándose na potenciación da igualdade de oportunidades. Debe dar resposta a cuestións sociolóxicas tales como a necesidade de adquisición de coñecementos derivado do crecemento do nivel cultural e da evolución ininterrompida do medio social, que provoca profundos e constantes cambios nos modos de vida, nos costumes e nas formas de organización social, sempre sen esquecerse dos procesos de ensinanza-aprendizaxe necesarios para obter unha titulación ou para resolver unhas necesidades persoais, sociais ou profesionais.

Neste senso, a organización e a metodoloxía da educación de adultos basearase na autoaprendizaxe, en función das experiencias, necesidades e intereses, a través da ensinanza semipresencial ou telemática, servindo de orientación para seleccionar os coñecementos considerados prioritarios na experiencia global e que duren toda a vida para o logro dos catro principios da educación do século XXI que promove a UNESCO: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser.

A educación de adultos posibilitará o logro dos catro principios a través dunha formación básica e de calidade, facilitando o desenvolvemento integral e harmónico da persoa adulta dentro da sociedade e potenciará a formación necesaria para atender o dinamismo dos procesos produtivos e tecnolóxicos, que repercuten no ámbito laboral e profesional, así como as novas especialidades e campos profesionais que emerxen esixindo unha maior cualificaciónComo consecuencia da implantación da LOMCE. Isto significa que a estrutura das programacións será diferente, mentres na LOE se parte de obxectivos na LOMCE se parte dos estándares de aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Analizar de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas, para entender a realidade desde unha visión integral e actuar como cidadáns responsables, autónomos e comprometidos. | 2 | | 1-4-5 | 1 | 12-50 | 1 | 1-2 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX2 - Analizar, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento tanto individual como colectivo na toma de decisións económicas, avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, para comprender os cambios económicos e sociais derivados do devandito problema e actuar en consecuencia. | 2 | | 2 | 1 | 12-50 | 4 | 1-2 | |
| OBX3 - Establecer correspondencias entre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e as aprendizaxes adquiridas a través do estudo de casos reais, analizándoos con axuda de ferramentas económicas e empresariais para xerar unha actitude sensible e un comportamento responsable e proactivo que contribúa a dar resposta aos retos actuais. | | | 2-5 | | 12 | 4 | 1-2 | 31 |
| OBX4 - Identificar e valorar habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras dentro da realidade actual, analizando os seus perfís e a súa forma de afrontar os retos, para recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias e aplicalas a situacións reais da vida. | | | | 3-4 | 11-12-31 | 1-3 | 2 | 32 |
| OBX5 - Comprender as estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades vinculadas a diferentes ámbitos e sectores, para identificar a filosofía das empresas, recoñecer as tendencias e poñer en valor, con sentido crítico, a súa actividade na sociedade actual. | 2 | | 2 | 1-5 | 40 | 1-3 | 1-2 | |
| OBX6 - Analizar a transformación económica e social e as súas consecuencias, recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial, para comprender as respostas que as empresas lles ofrecen aos desafíos actuais e propoñer alternativas e novas solucións aos devanditos desafíos. | 2-3 | | 4 | 5 | 40 | 4 | 1-2 | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A economía e a escaseza | | 8 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | Actividade económica e sistemas económicos | | 8 | 11 | X | | |
| 3 | O mercado e os prezos | | 8 | 12 | X | | |
| 4 | Tipos de mercados | | 9 | 12 | X | | |
| 5 | As macromagnitudes e o desenvolvemento sostible | | 8 | 12 | | X | |
| 6 | O diñeiro e os orzamentos | | 8 | 11 | | X | |
| 7 | A contorna da empresa | | 8 | 12 | | X | |
| 8 | Administración e xestión da empresa | | 9 | 12 | | X | |
| 9 | Xestión de inventarios | | 9 | 12 | | | X |
| 10 | Márketing | | 8 | 11 | | | X |
| 11 | Emprendemento, creatividade e innovación | | 8 | 12 | | | X |
| 12 | O plan de empresa | | 9 | 11 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A economía e a escaseza | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos. | 50% | PE | 100 |
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico. |

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e as súas implicacións. O custo de oportunidade. A escaseza e a eficiencia. O paradoxo do valor, o valor de uso e o valor de cambio dos bens.<br>- A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos.<br>- O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica.<br>- Economía e outras disciplinas.<br>- A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadores. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Actividade económica e sistemas económicos | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | 50% | PE | 80 |
| CA1.1 - Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos. | 50% | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico.<br>- Economía e outras disciplinas.<br>- A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadores. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica.<br>- A análise económica e o individualismo metodolóxico. Outras alternativas de análises da realidade social. Perspectiva sociolóxica: o grupo social como unidade de análise económica.<br>- Os individuos e o comportamento racional. Fallos da racionalidade: a racionalidade limitada. A economía do comportamento, a psicoloxía económica e a teoría da decisión.<br>- Os axentes económicos e a maximización da súa utilidade: filosofía e economía: o utilitarismo e a felicidade. Utilitarismo como teoría ética fronte a outras posturas. A maximización do benestar social e o debate eficiencia versus equidade desde un punto de vista ético. O benestar social e a calidade de vida desde unha perspectiva sociolóxica. O benestar na psicoloxía positiva. A economía da felicidade e o paradoxo de Easterlin. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | O mercado e os prezos | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | 50% | PE | 100 |
| CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico.<br>- A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos.<br>- Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Tipos de mercados | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | 50% | PE | 100 |
| CA1.3 - Xerar actitudes sensibles e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas. | 50% | | |
| CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais. | 50% | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico. |
| - A escaseza e as súas implicacións. O custo de oportunidade. A escaseza e a eficiencia. O paradoxo do valor, o valor de uso e o valor de cambio dos bens. |
| - A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. |
| - O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. |
| - A contorna financeira. Diñeiro e transaccións. Planificación e xestión das finanzas persoais: risco e beneficio. |
| - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. |
| - Economía e outras disciplinas. |
| - A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadores. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica. |
| - A análise económica e o individualismo metodolóxico. Outras alternativas de análises da realidade social. Perspectiva sociolóxica: o grupo social como unidade de análise económica. |
| - Os individuos e o comportamento racional. Fallos da racionalidade: a racionalidade limitada. A economía do comportamento, a psicoloxía económica e a teoría da decisión. |
| - Os axentes económicos e a maximización da súa utilidade: filosofía e economía: o utilitarismo e a felicidade. Utilitarismo como teoría ética fronte a outras posturas. A maximización do benestar social e o debate eficiencia versus equidade desde un punto de vista ético. O benestar social e a calidade de vida desde unha perspectiva sociolóxica. O benestar na psicoloxía positiva. A economía da felicidade e o paradoxo de Easterlin. |
| - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | As macromagnitudes e o desenvolvemento sostible | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando ao alumnado para actuar en consecuencia. | 50% | PE | 100 |
| CA1.3 - Xerar actitudes sensibles e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas. | 50% | | |
| CA1.4 - Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico.<br>- Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións.<br>- O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | O diñeiro e os orzamentos | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan. | 50% | PE | 100 |
| CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora. | 50% | | |
| CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva. |

| Contidos |
|---|
| - O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade.<br>- Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender.<br>- Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas.<br>- Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca.<br>- Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | A contorna da empresa | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan. | 50% | PE | 100 |
| CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora. | 50% | | |
| CA2.3 - Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva.<br>- O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade.<br>- Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender.<br>- Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas.<br>- Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca.<br>- Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Administración e xestión da empresa | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | 50% | PE | 100 |
| CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvoltos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial. | 50% | | |
| CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado. | 50% | | |
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | 50% | | |
| CA3.4 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico. |
| - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. |
| - A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio. |
| - Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio. |
| - Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel da muller na actividade empresarial. |
| - O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias. |
| - Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sostibilidade. |
| - Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | Xestión de inventarios | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan. | 50% | PE | 100 |
| CA1.6 - Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial. | 50% | | |
| CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvoltos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial. | 50% | | |
| CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado. | 50% | | |
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A escaseza e o tratamento do problema económico. |
| - Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. |
| - Economía e outras disciplinas. |
| - Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sostible e economía circular. |
| - Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel da muller na actividade empresarial. |
| - O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias. |
| - Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sostibilidade. |
| - Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | Márketing | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvoltos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial. | 50% | PE | 100 |
| CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado. | 50% | | |
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| ⁻ A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio.<br>⁻ Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 11 | Emprendemento, creatividade e innovación | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan. | 50% | PE | 100 |
| CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora. | 50% | | |
| CA3.2 - Distinguir os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado. | 50% | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva.<br>- O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade.<br>- Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender.<br>- Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas.<br>- Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca.<br>- Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas.<br>- A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio.<br>- Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio.<br>- Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel da muller na actividade empresarial.<br>- O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias.<br>- Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sostibilidade.<br>- Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | O plan de empresa | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan. | 50% | PE | 100 |
| CA2.2 - Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan a unha persoa emprendedora. | 50% | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvoltos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial. | 50% | | |
| CA3.3 - Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade. | 50% | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva. |
| - O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade. |
| - Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender. |
| - Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas. |
| - Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas. |
| - A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio. |
| - Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio. |
| - Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel da muller na actividade empresarial. |
| - O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias. |
| - Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sostibilidade. |
| - Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Descrición
Debido á natureza do bacharelato a distancia propio do IES San Clemente, a metodoloxía deberá adaptarse á realidade do ensino a distancia. Isto impedirá a utilización dalgunhas ferramentas metodolóxicas, e fará que utilicemos os seguintes instrumentos:

- Contidos teóricos (apuntamentos), que serán expostos a través de arquivos, documentos, resumos, gráficas, táboas, vídeos e outro material complementario incluído na aula virtual do centro.

- Actividades a resolver polo alumnado, tales como:

Actividades de tipo conceptual-teórico (resolución de preguntas teóricas, principalmente)
Actividades que resalten os aspectos de tipo metodolóxico procedimental, principalmente resolución de problemas prácticos.
Actividades onde se resalte a conexión entre os contidos tratados e a realidade diaria do alumnado. Por exemplo, aquelas que xorden da aplicación á vida cotiá dos contidos desenvolvidos na clase.

- Comunicación directa co profesor da materia, para resolución de dúbidas e explicacións complementarias, de xeito telemático (plataforma do aula virtual ou teléfono) ou presencial.

- Foro de debate, no cal o alumnado pode poñerse en contacto co profesor e co resto do alumnado, podendo formular cuestións, ideas e calquera outro elemento relacionado coa materia.

É importante resaltar que para salvar a distancia física, o centro presenta unha guía didáctica, dividida en 12 unidades didácticas, repartidas entre tres avaliacións (4 unidades didacticas en cada avaliación, cada unha das cales dura 15 días). Con cada UD o alumno/a ten a súa disposición estes contidsoa na aula virtual:

- Axenda do alumno: onde marcamos o traballo a desenvolver durante a unidade didáctica.

- Obxectivos da Unidade Didáctica: que obxectivos nos marcamos para cada unidade.

- Documento descargable: os contidos (apuntamentos) da unidade didáctica a desenvolver.

- Exercicios autoavaliables, Exercicios que o alumnado descarga, imprime, realiza e comproba a solución. Entréganse ao alumno en formato PDF, e disporán de enunciado, resposta e procedemento para alcanzar a solución.

- Exercicio autoavaliable interactivo: Exercicios que o alumnado, interactuando cun computador, desenvolve o contido do exercicio.

- Exercicios de enviar ao titor: Exercicios que o alumnado deberá entregar ao profesor titor. Reservamos para este apartado os exercicios que serán revisados, corrixidos e reenviados por o profesor titor ao alumno.

- Exercicios de apoio, Exercicios de apoio ou reforzo que se seleccionarán para a súa entrega ao alumno segundo resolva o test de cada secuencia.

- FAQ: preguntas mais frecuentes ou contidos mais importantes da unidade didáctica.

- Cuestionarios: Os cuestionarios permiten ao alumnado coñecer o grao de consecución dos obxectivos educativos da sección. Segundo sexa o seu resultado afrontará a realización dos exercicios de apoio.

- Resumo da unidade didáctica, onde aparecen os contidos máis relevantes tratados ó longo da unidade de forma resumida.

- Videoleccións gravadas polo docente que explican algúns dos contidos da materia.

- Apuntamentos adicionais proporcionados polo docente.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Apuntamentos teóricos (guía do curso) |
| Videoleccións de algúns dos contidos da materia |
| Boletíns de exercicios resoltos |
| Exercicios para enviar ó titor |
| Resumos e apuntamentos adicionais |

O alumnado ten na aula virtual unha guía didáctica toda a información e os elementos necesarios para o desenvolvemento do curso; a multifuncionalidade da ferramenta permítelle ofrecer documentos audiovisuais, contido escrito e mesmo servir de axenda e recollida de documentos importantes de diversa índole.

- Axenda do alumno: onde marcamos o traballo a desenvolver durante a unidade didáctica.

- Obxectivos da Unidade Didáctica: que obxectivos nos marcamos para cada unidade.

- Documento descargable: os contidos (apuntamentos) da unidade didáctica a desenvolver.

- Exercicios autoavaliables, Exercicios que o alumnado descarga, imprime, realiza e comproba a solución. Entréganse ao alumno en formato PDF, e disporán de enunciado, resposta e procedemento para alcanzar a solución.

- Exercicio autoavaliable interactivo: Exercicios que o alumnado, interactuando cun computador, desenvolve o contido do exercicio.

- Exercicios de enviar ao titor: Exercicios que o alumnado deberá entregar ao profesor titor. Reservamos para este apartado os exercicios que serán revisados, corrixidos e reenviados por o profesor titor ao alumno.

- Exercicios de apoio, Exercicios de apoio ou reforzo que se seleccionarán para a súa entrega ao alumno segundo resolva o test de cada secuencia.

- FAQ: preguntas mais frecuentes ou contidos mais importantes da unidade didáctica.

- Cuestionarios: Os cuestionarios permiten ao alumnado coñecer o grao de consecución dos obxectivos educativos da sección. Segundo sexa o seu resultado afrontará a realización dos exercicios de apoio.

- Resumo da unidade didáctica, onde aparecen os contidos máis relevantes tratados ó longo da unidade de forma resumida.

- Videoleccións gravadas polo docente que explican algúns dos contidos da materia.

- Apuntamentos adicionais proporcionados polo docente.

- A propia páxina do centro ofrece información relevante, novas e actividades relacionadas co desenvolvemento do curso.

- O centro ten dispoñible unha biblioteca con material relacionado coa materia á disposición do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Debido á natureza do centro, no cal a matrícula se atopa aberta durante boa parte do curso académico, non procede realizar unha avaliación inicial.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **8** | **8** | **9** | **8** | **8** | **8** | **9** | **9** | **8** |
| **Proba escrita** | 100 | 80 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 20 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **9** | **100** |
| **Proba escrita** | 100 | 100 | **98** |
| **Táboa de indicadores** | 0 | 0 | **2** |

**Criterios de cualificación:**

Os sistemas de avaliación son múltiples, pero en calquera caso, nos instrumentos que se deseñen, deberán estar presentes as actividades seguintes:

- Actividades de tipo conceptual. Nelas os alumnos irán substituíndo de forma progresiva as súas ideas previas polas desenvoltas na clase.

- Actividades que resalten os aspectos de tipo metodolóxico, principalmente resolución de exercicios.

En canto ao «formato» das actividades, pódense utilizar as seguintes:

- Probas obxectivas de verdadeiro ou falso, ou preguntas tipo test (unha opción correcta entre varias opcións)

- Probas obxectivas escritas: cuestións nas que hai que xustificar as respostas ou/e resolución de exercicios e problemas.

- Interpretación de gráficos, debuxos, esquemas.

Instrumentos de avaliación

Para a avaliación dos alumnos realizarase unha proba obxectiva (exame) por avaliación (ademais das probas finais ordinarias e extraordinarias). Cada unha delas poderá constar de preguntas de verdadeiro ou falso e/ou preguntas tipo test e/ou preguntas curtas de desenvolver e de exercicios prácticos relativas aos contidos teóricos ou prácticos da materia. As cuestións terán análogo nivel de dificultade que as propostas nas guías, apuntamentos ou as que poida propoñer o docente.

CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA
Para a avaliación dos alumnos realizarase unha proba obxectiva (exame) por avaliación. Cada unha delas poderá constar de preguntas de verdadeiro ou falso e/ou preguntas tipo test e/ou preguntas curtas de desenvolver e de exercicios prácticos relativas aos contidos teóricos ou prácticos da materia. As cuestións terán análogo nivel de dificultade que as propostas na guía o as que poida propoñer o profesor-titor.

O alumnado superará a materia se a nota media final das tres avaliacións (calculada sumando as notas das tres avaliacións e dividíndoa entre 3) é igual ou superior ó 5, sempre e cando en ningunha das avaliacións a nota fora inferior ó 4. É dicir, en ningún caso o alumno superará a materia sen ter que facer a proba final ordinaria se nalgunha

das avaliacións a nota é inferior a 4.

Se o alumnado non acadara esta nota media final de 5 ou superior mediante a media das tres avaliacións ou probas trimestrais, terá que realizar a proba (exame) final ordinario. Nesta proba final examinarase dos contidos das avaliacións nas que non acadou unha nota de 5 ou superior (ou das que non se presentase se é o caso), tendo que examinarse de toda a materia se non acadou en ningunha avaliación unha nota de 5 como mínimo.

Dado que as cualificacións deben ser números enteiros, cando se teña que calcular a nota media redondearase cara o número enteiro superior se o primeiro díxito decimal é 5 ou superior, e cara o número enteiro inferior se o primeiro díxito decimal é 4 ou inferior. É dicir, unha media de 6,4 redondease a un 6, e unha media de 6,5 redondease a un 7. De xeito análogo, unha media de 4,4 redondease a un 4, e unha media de 4,5 redondease a un 5. Porén, e sen prexuízo disto, ningún alumno/a cunha cualificación inferior a un 4 nalgunha avaliación poderá superar a materia sen realizar a proba final ordinaria.

Exercicios para enviar ao titor:

Os exercicios de envío ao titor son totalmente voluntarios, polo que en ningún caso penalizará a nota do alumno/a en caso de non entregalos. O profesor logo de observar o traballo continuo dun alumno no envío dos exercicios, participación no foro, enviando correos con dúbidas etc. poderá telos en conta como axuda para acadar a cualificación final (poderán contar ata 0,5 puntos a maiores). De novo, en ningún caso o non envío dos exercicios poderá ser penalizado ou poderá repercutir negativamente na cualificación do alumnado.

Respecto dos exercicios de enviar ó titor, pasadas unhas datas do envío da tarefa o titor fará pública na páxina web a resolución dos problemas e o alumno comprobará si a súa resolución coincide ca que propón o titor como solución.

Como propostas de mellora recomendamos un seguimento máis amplo da Aula Virtual, así como participación en foros relacionados coa materia e maior e mellor comunicación co titor.

**Criterios de recuperación:**

O alumnado que non superara a materia satisfactoriamente ben mediante a nota media final das tres avaliacións, ben logo de realizar o exame final ordinario, terá que realizar un proba (exame) final extraordinario no que se examinará de toda a materia, con independencia das avaliacións que puidera ter superado con anterioridade. O alumnado superará a materia se nesta proba extraordinaria a cualificación é igual ou superior ó 5.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Pola casuística da educación a distancia, consideramos irrelevante facer una separación entre o alumnado con materias pendentes e o alumnado ordinario. Polo tanto, este alumnado será avaliado de igual forma que o alumnado ordinario, podendo presentarse as probas ordinarias indicadas con anterioridade para superar satisfactoriamente a materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo lle ofreza a cada alumno a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe.

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.

A diversidade humana está presente en todos os colectivos sociais e en particular na comunidade educativa. Nas

nosas aulas podémonos atopar con alumnos estranxeiros, alumnos o alumnas que proveñan de comunidades desfavorecidas social, cultural e economicamente, outros superdotados intelectualmente, con problemas de aprendizaxe e con discapacidades físicas ou psíquicas. É a nosa obrigación proporcionar a estes alumnos e alumnas os recursos necesarios para que alcancen os obxectivos establecidos na programación. Nesta programación tívose en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno ou alumna do aula. Para garantir o pleno desenvolvemento das súas capacidades, aparece o que se entende por Atención á diversidade: actuacións educativas que tratan de responder ás distintas capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, étnicas, de inmigración e de saúde do alumnado. Baséase no principio de individualización, entendida como apoio prestado a un alumno ou alumna na organización do contido dunha aprendizaxe, nos estímulos a súa motivación, na proposta de elementos correctores e no seguimento dos seus progresos.

A programación debe ter en conta que non todos os alumnos ou alumnas adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos marcados. Por iso deséñase para asegurar un nivel mínimo para todos os alumnos e alumnas ao final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento. Para iso tamén existen actividades complementarias, de autoavaliación e reforzo nas guías de modo que se adapten ás necesidades de todo o alumnado.

Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta as características do centro (ensino a distancia), cómpre mencionar que o alumnado que así o solicite de forma xustificada poderá realizar as probas escritas cas seguintes medidas (se procede): mais tempo para a realización da proba, sitio preferencial no aula, e similares, dependendo da casuística do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|---|---|---|---|
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero | X | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Vídeos e lecturas de ampliación de coñecementos | Materiais audiovisuais a disposición do alumnado para que poida complementar e ampliar os seus coñecementos. | X | X | X |

**Observacións:**

Pola natureza do ensino a distancia, a realización destas actividades vese mermada en forma e cantidade. Porén, porase a disposición do alumnado actividades para complementar os seus coñecementos.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Número de correos enviados ao alumnado de xeito grupal en cada avaliación |
| Porcentaxe de aprobados na materia en relación á media de aprobados nas materias do mesmo nivel educativo |
| Porcentaxe de aprobados na materia presenta en cada avaliación |
| Metodoloxía empregada |
| Porcentaxe de alumnado que participa no foro de presentación da materia |
| Porcentaxe de alumnado que contactou co profesor ou profesora nas dúas primeiras semanas de estar matriculado |
| Porcentaxe de alumnado matriculado que se presenta en cada avaliación |
| Porcentaxe de alumnado total que se puxo en contacto co profesor ou profesora algunha vez durante o curso |
| Medidas de atención á diversidade |
| Porcentaxe de alumnado cos que o profesor ou profesora estableceu contacto individual nas dúas primeiras semanas de realizar a súa matrícula |
| Número de correos enviados ao alumnado de xeito individual en cada avaliación |

**Descrición:**

As accións para avaliar o proceso de ensino son as seguintes:

- Recollida da información solicitada nos indicadores de autoavaliación indicados neste protocolo.

- Redacción dun informe de recollida e valoración dos resultados.

- Establecemento dun acordo unificado de mellora en función dos resultados obtidos.

- Os acordos de mellora consensuados incorporaranse á memoria final do Departamento e teranse en conta na redacción da programación didáctica do curso seguinte.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Intentarase cumplir as propostas incluídas na memoria do curso 2022 - 2023 polo profesor anterior.

Dentro da mellora operacional do curso inclúense as seguintes propostas:

1. Proposta e Desenvolvemento de diversas Estratexias ou acordos pedagóxicos que persigan os seguintes obxectivos:

- Incentivar a participación e seguimento por parte do alumnado da Aula Virtual (AV) a través do visionado dos vídeos, aporte de materiais complementarios, estudo do material didáctico, realización de actividades, etc.

- Incentivar unha maior comunicación alumnado-profesorado na AV que consiga manter o interese e a motivación do alumnado na materia.

- Mellorar o rendemento do alumnado nos exames, e aumentar a porcentaxe de alumnado aprobado.

2. Proposta de Estratexias de mellora.

Estratexias metodolóxicas e didácticas:

- Propoñemos adaptar os contidos para facilitar a comprensión do alumnado de temas gramaticais complexos, ben sexa a través da creación de material didáctico orixinal ou a través dunha mellor produción e realización dos vídeos didácticos.

- Propoñemos traballar na produción de vídeos didácticos que non presenten unha duración excesiva (entre 10 e 15 minutos), para facilitar a comprensión e traballo do alumnado.

- Propoñemos incentivar a participación do alumnado no foro da AV co fin de establecer unha vía de comunicación fluída e efectiva para pulsar o interese do alumnado e conseguir manter a súa motivación ao longo do curso.

Estratexias de mellora de resultados:

- Axudas específicas para a preparación dos exames de Bacharelato: para axudar na preparación do exame de cada Avaliación, o alumnado contará na AV en datas próximas ao exame con exercicios similares resoltos polo profesor para facilitar a realización dos exercicios do examen, así como resumos dos contidos que servirán para preparar as probas.

## 9. Outros apartados